VSC-B3.5	5º-VSCB3.5.1 - Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza social. Peso: 0.87%	Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza social	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSC
VSC-B3.5	5º-VSCB3.5.2 - Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais. Peso: 0.87%	Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.5	5º-VSCB3.5.3 - Describe condutas solidarias. Peso: 0.87%	Describe condutas solidarias	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
VSC-B3.6	5º-VSCB3.6.1 - Amósase xeneroso no seu contorno próximo. Peso: 0.87%	Amósase xeneroso no seu contorno próximo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.6	5º-VSCB3.6.2 - É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos. Peso: 0.87%	É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CSC CSIEE
VSC-B3.6	5º-VSCB3.6.3 - Colabora en causas altruístas en colaboración coa	Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE

	comunidade educativa Peso: 0.87%						
VSC-B3.7	5º-VSCB3.7.1 - Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado. Peso: 0.87%	Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.7	5º-VSCB3.7.2 - Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares. Peso: 0.87%	Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.7	5º-VSCB3.7.3 - Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. Peso: 0.87%	Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.8	5º-VSCB3.8.1 - Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos. Peso: 0.87%	Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
VSC-B3.8	5º-VSCB3.8.2 - Expón a	Expón a importancia de que todas		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC

	<p>importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	<p>as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica</p>				<p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL
VSC-B3.8	<p>5º-VSCB3.8.3 - Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	<p>Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B3.9	<p>5º-VSCB3.9.1 - Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	<p>Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL CCEC CSC
VSC-B3.9	<p>5º-VSCB3.9.2 - Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación.</p>	<p>Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE

	Peso: 0.87%						
VSC-B3.10	5º-VSCB3.10.1 - Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres. Peso: 0.87%	Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.10	5º-VSCB3.10.2 - Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares. Peso: 0.87%	Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.10	5º-VSCB3.10.3 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. Peso: 0.87%	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.11	5º-VSCB3.11.1 - Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española. Peso: 0.87%	Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.11	5º-VSCB3.11.2 - Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos	Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás do seu		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL

	<p>cidadáns e cidadás do seu contorno.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	contorno					
VSC-B3.11	<p>5º-VSCB3.11.3 - Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B3.12	<p>5º-VSCB3.12.1 - Expresa as notas características da convivencia democrática.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	Expresa as notas características da convivencia democrática	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CCL
VSC-B3.12	<p>5º-VSCB3.12.2 - Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CCL
VSC-B3.13	<p>5º-VSCB3.13.1 - Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio.</p> <p>Peso: 0.87%</p>	Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B3.13	<p>5º-VSCB3.13.2 - Investiga criticamente a</p>	Investiga criticamente a intervención humana no medio			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CSC CAA

	intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados. Peso: 0.87%	ambiente e comunica os resultados				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CMCT
VSC-B3.13	5º-VSCB3.13.3 - Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. Peso: 0.87%	Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
VSC-B3.14	5º-VSCB3.14.1 - Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. Peso: 5%	*** Realiza un uso ético das novas tecnoloxías	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CD CSC
VSC-B3.14	5º-VSCB3.14.2 - Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías. Peso: 0.87%	Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CD CSC
VSC-B3.15	5º-VSCB3.15.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria. Peso: 0.87%	Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE

VSC-B3.15	5º-VSCB3.15.2 - Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico. Peso: 0.87%	Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL CMCT CD
VSC-B3.15	5º-VSCB3.15.3 - Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. Peso: 0.87%	Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSC CD CAA
VSC-B3.15	5º-VSCB3.15.4 - Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. Peso: 0.87%	Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL CMCT CD
VSC-B3.16	5º-VSCB3.16.1 - Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación. Peso: 0.87%	Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE CAA CMCT
VSC-B3.16	5º-VSCB3.16.2 - Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e	Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL

	expón as súas conclusións. Peso: 0.87%						
VSC-B3.16	5º-VSCB3.16.3 - Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. Peso: 0.87%	Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL CSIEE

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía didáctica a implementar será fundamentalmente activa, inclusiva, comunicativa e participativa de cara a acadar o logro dos obxectivos e competencias clave.

Integraranse os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

As actividades de aprendizaxe serán integradas co obxecto de lle permitir ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A atención á diversidade do alumnado estará sempre presente na práctica educativa: a atención será **individualizada**. A prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo terán lugar tan pronto como se detecten estas dificultades.

Levarase a cabo a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terase en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo. Promoverase o traballo **cooperativo** dentro do posible, e atendendo en todo momento as directrices do **protocolo sanitario-educativo** vixente nese momento (este ano este tipo de traballo vai ter que levarse a cabo a través de canles virtuais que permitan a colaboración pero non de xeito físico) , para favorecer así a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, tendo en conta, como xa se dixo, os **distintos ritmos e estilos de aprendizaxe**. Este tipo de traballo non exclúe a aprendizaxe individual, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo/a.

Procuraremos desenvolver a metodoloxía de **“Aula Invertida”** xa que se amolda perfectamente aos tres escenarios nos que se poida levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe:

a) **Presencial**: na clase levaranse a cabo tarefas relacionadas, segundo a taxonomía de Bloom, con procesos que impliquen habilidades cognitivas de orde intermedia e superior (Aplicar, Analizar, Avaliar, Crear) coa axuda e guía da mestra e deixando para realizar na casa antes da clase as de orden inferior (Memorizar, Comprender) que pode realizar o alumnado de xeito autónomo (apoiarase en vídeos, explicacións e actividades aloxadas en **E-Dixgal** ou na **Aula Virtual**) e despois da clase os alumnos e alumnas repasan e amplían os contidos xa consolidados puidéndose centrar casi exclusivamente en habilidades de pensamento de orde superior (Avaliar, Crear).

Ao comezar as sesións a mestra adicará uns minutos para saber o que fixeron na casa os seus alumnos/as, coñecer as dúbidas e problemas que atoparon... e a partir de aí guiar a sesión de traballo.

b) **Semipresencial**: no suposto de que algún alumno/a ou mestre/a teña que ausentarse durante algún tempo (períodos de corentena, enfermidade...) ou se teñan que establecer quendas, a Aula **E-Dixgal** ou a **Aula Virtual** articularanse de tal xeito que favorezan o seguimento do curso do mesmo xeito que se fose presencial de forma que o alumno/a conte con explicacións, actividades, tarefas para entregar/avaliar e correccións por parte da titora.

De non ser posible o seguimento a través desta canle, a titora enviará a través de ferramentas corporativas (AbalarMobil, web, correo corporativo..) actividades baseadas no libro de texto dixital ou doutros materiais que lle serán entregadas ao finalizarse a través de correo electrónico ou outra vía de comunicación acordada.

c) **Non presencial**: no suposto de que a educación non presencial se prolongue no tempo (máis de quince días) ademais do seguimento curricular a través de **E-Dixgal** e **Aula Virtual** ou da exposta anteriormente (na semipresencial) intentarase, dentro do posible, establecer horarios para a realización de **videoconferencias**.

Neste punto cabe salientar que grazas a estar no programa E-Dixgal o alumnado conta cos mesmos medios tecnolóxicos para poder desenvolver as súas actividades e non haberá que ter en conta a situación familiar de cada un/unha con todas as particularidades que esto conleva.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos Persoais

- Equipo directivo.
- Equipos docentes de cada un dos grupos de alumnado, formados por:
 - Profesor/a titor de cada grupo.
 - Profesorado que imparte clases ao alumnado do grupo.
- Equipo de Orientación e Apoio (EOA), formado por:
 - Orientadora
 - Profesorado de Pedagogía Terapéutica.
 - Profesorado de Audición e Linguaxe.

Recursos Materiais

- Libros de lectura: contos, cómics, literatura infantil e xuvenil.
- Libros de consulta por temas.
- Dicionarios e enciclopedias.
- Atlas, mapas e murais.
- Material bibliográfico sobre pedagogía, didáctica e organización escolar.
- Materiais Bibliográficos para a atención á diversidade: libros de texto, cadernos e materiais específicos para cada área do currículo, baterías de fichas fotocopiáveis, etc.
- Material bibliográfico sobre: Educación en valores, Paz e convivencia, Respecto e coidado do medio, Educación viaria, Dereitos humanos e do neno, e cidadanía, Educación para a saúde.
- Programas e aplicacións informáticas.
- Materiais multimedia: DVD, vídeos, CD-audio, CD-ROM, etc.
- **Libros dixitais** Netex, Edebé, Pearson e Aula Planeta que se utilizarán segundo as necesidades de cada momento.
- Recursos elaborados polos mestres/as.
- **Ordenador portátil de uso individual** dotados cos programas e aplicacións da plataforma Abalar (**E-Dixgal**).

Organización dos espazos (adaptándose sempre ao protocolo educativo-sanitario vixente)

- Aula ordinaria.
- Biblioteca.
- Sala de informática (será de uso anecdótico, xa que é moito máis operativo contar cos ordenadores de uso individual na propia aula).
- Salón de actos.

Organización dos tempos

A xornada lectiva abrangue dende as 9:45 a 14:45, repartida en cinco sesións de 50 minutos, e con dous períodos de 25 minutos cada un adicados a aseo/merenda/hora de ler - recreo , ou aseo/merenda/recreo – hora de ler co fin de establecer así dúas quendas para o uso do patio e outros espazos de esparcemento por motivos organizativos e poder manter así os “grupos burbulla” e seguir os protocolos.

Aparte das áreas instrumentais tamén dedicamos sesións á biblioteca e puntualmente á aula de informática ou ao salón de actos na que se realizan actividades relacionadas con talleres, contacontos, festivais, e diversos actos e celebracións (paz,entroido,etc...) , sempre que sexa posible e seguindo os protocolos.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A principios de curso será necesario recabar a información que haxa do curso anterior referente aos alumnos/as.

Durante o mes de setembro levarase a cabo con todo o alumnado unha **avaliación inicial** que nos facilitará información sobre o punto de partida do novo curso.

A avaliación será **continua**, valorando a consecución última do estándar. Será tamén **global** e, **formativa**, e servirá para facer os cambios oportunos, adaptar a metodoloxía, incidir nos aspectos que sexa necesario, aplicar reforzos,etc.

Todos os procedementos e instrumentos de avaliación reseñados nas táboas do punto 4 desta programación, procurarán determinar:

- Grao de adquisición das competencias básicas.
- Nivel de consecución nos indicadores de logro acadados (obxectivos mínimos).
- Participación do alumnado nas actividades propostas.
- Actitude cara as aprendizaxes e coidado dos materiais.

De tódolos xeitos as diferentes materias debido á súa propia natureza esixirán que sexan tratadas de distinta forma de cara á avaliación. Así concretaremos:

- **Lingua Galega e Lengua Castellana:** farase unha avaliación **continua e global** e a cualificación da avaliación ordinaria será determinada en virtude dos indicadores de logro e as competencias acadadas a final de curso.
- **Matemáticas:** farase unha avaliación **continua e global** e a cualificación da avaliación ordinaria será determinada en virtude dos indicadores de logro e as competencias acadadas a final de curso.
- **CC Naturais e CC Sociais:** farase unha avaliación **sumativa**. A cualificación da avaliación ordinaria será o resultado da media aritmética dos resultados acadados entre os tres trimestres.
- **Valores Sociais e Cívicos:** farase unha avaliación **continua e global** e a cualificación da avaliación ordinaria será determinada en virtude dos indicadores de logro e as competencias acadadas a final de curso.

Todos os procedementos e instrumentos de avaliación reseñados nas táboas do punto 4 desta programación, procurarán determinar:

- Grao de adquisición das competencias básicas.
- Nivel de consecución dos indicadores de logro acadados.
- Participación do alumnado nas actividades propostas.
- Actitude cara as aprendizaxes e coidado dos materiais.

Indicamos aquí os criterios de cualificación, procedementos e instrumentos que empregaremos en cada unha das materias:

MATERIA	CRITERIO CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTO	INSTRUMENTO	PORCENTAXE
CC SOCIAIS e CC NATURAIS	Actitude na aula : <ul style="list-style-type: none"> • Interese • Escoita • Participación • Esforzo • Colaboración 	Observación sistemática (10 %)	Escala de observación	10%
			Diario de clase	
	Realización do traballo na aula ou na casa: <ul style="list-style-type: none"> • Realización adecuada do traballo • Organización dos materiais • Presentación do caderno • Entrega ou corrección de tarefas • Traballos específicos • Traballos voluntarios 	Análise produción do alumnado (30 %)	Caderno de clase	10 %
			Resumo	10 %
			Resolución de exercicios e problemas	5 %
			Traballo de aplicación e síntese	5%
	Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas	Probas específicas (60%)	Proba obxectiva	10 %
			Proba aberta	40 %
			Exposición dun tema	10 %
LINGUA GALEGA e LINGUA CASTELÁ	Actitude na aula : <ul style="list-style-type: none"> • Interese • Escoita • Participación • Esforzo • Colaboración 	Observación sistemática (10 %)	Escala de observación	10%
			Diario de clase	
	Realización do traballo na aula ou na casa: <ul style="list-style-type: none"> • Realización adecuada do traballo • Organización dos materiais • Presentación do caderno • Entrega ou corrección de tarefas • Traballos específicos • Traballos voluntarios 	Análise produción do alumnado (30 %)	Caderno de clase	10 %
			Resolución de exercicios e problemas	5 %
			Producións orais	5 %
			Textos escritos	10 %
	Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas	Probas específicas (60%)	Proba aberta	60 %

MATERIA	CRITERIO CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTO	INSTRUMENTO	PORCENTAXE
MATEMÁTICAS	Actitude na aula : <ul style="list-style-type: none"> • Interese • Escoita • Participación • Esforzo • Colaboración 	Observación sistemática (10 %)	Escala de observación	10%
			Diario de clase	
	Realización do traballo na aula ou na casa: <ul style="list-style-type: none"> • Realización adecuada do traballo • Organización dos materiais • Presentación do caderno • Entrega ou corrección de tarefas • Traballos específicos • Traballos voluntarios 	Análise produción do alumnado (30 %)	Caderno de clase	10 %
			Resolución de exercicios e problemas	20 %
	Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas	Probas específicas (60%)	Proba aberta	60 %
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	Actitude na aula : <ul style="list-style-type: none"> • Interese • Escoita • Participación • Esforzo • Colaboración 	Observación sistemática (50%)	Escala de observación	50 %
			Diario de clase	
	Realización do traballo na aula ou na casa: <ul style="list-style-type: none"> • Realización adecuada do traballo • Organización dos materiais • Presentación do caderno • Entrega ou corrección de tarefas • Traballos específicos • Traballos voluntarios 	Análise produción do alumnado (50 %)	Caderno de clase	50 %

No que se refire ás **probos específicas**, éstas terán particularidades diferentes dependendo da materia. Así:

- **CC Sociais e CC Naturais**: realizaranse **unha proba obxectiva** (10 %) e **dúas abertas** (a primeira ponderará un 15 % dentro do baremo total do 40% reservado a este tipo de probas, e a segunda efectuarase como máximo unha semana despois da primeira e ponderará un 25 % sobre o total) **por cada tema**, de xeito que esta segunda proba poida ofrecer ao alumnado unha nova oportunidade de amosar os contidos consolidados.

- **Lingua Galega e Lingua Castelá**: ademais de **pequenas probas abertas** que amosen a evolución dos alumnos en determinados aspectos concretos, realizarase unha **proba global por**

trimestre que inclúa aspectos de comprensión oral e escrita, de expresión oral e escrita, gramática e vocabulario traballados a fin de ofrecer a posibilidade de “recuperación” en cada trimestre.

- **Matemáticas:** realizaranse dous tipos de probas abertas. Unhas “miniprobos”, de aspectos concretos, ou partes do tema tratado e probas “máis amplas” onde se aborde máis materia. As miniprobos ponderarán un 30 % e as probas máis extensas o 70 % respecto da totalidade asignada a este tipo de probas (total probas abertas 60%).

Criterios para a promoción ou non de nivel dentro da etapa de Educación Primaria:

- Para a promoción o alumno ou alumna non deberá ter suspensas tres áreas, sendo estas Matemáticas, unha das linguas cooficiais, e outra das áreas troncais.
- Para a promoción o alumno ou alumna non deberá ter suspensas as Matemáticas ou unha das linguas cooficiais, e tres das outras áreas troncais.
- Para a promoción o alumno ou alumna non deberá ter suspensas cinco ou máis áreas que supoñan o alomenos o 40% da carga horaria das materias por semana.
- No caso do alumnado con NEAE, que estea a seguir unha Adaptación Curricular, os criterios anteriores non serán determinantes, tomándose a decisión partindo das orientacións do DO, tras as entrevistas coa familia e co profesorado implicado.

Ou dito doutro xeito, NON se PROMOCIONA no caso de ter suspensas:

- Matemáticas + Lingua Galega/Castelá + Outra área troncal
- Matemáticas/LinguaGalega/Lingua Castelá + Tres áreas troncais
- Cinco ou máis áreas que supoñan alomenos o 40% da carga lectiva

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os seguintes **indicadores de logro**, servirán para reflexionar sobre a actuación cos alumnos e sobre os aspectos recollidos na programación e a súa posterior análise na memoria final:

INDICADORES AVALIABLES	SEMPRE			NUNCA
	4	3	2	1
Adaptouse a práctica docente ás características do alumnado atendendo á diversidade do grupo				
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula				
Conseguíuse a participación activa do alumnado				
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave				
A secuenciación dos estándares favoreceu á súa correcta adquisición				
Usáronse estratexias e procedementos de avaliación e coevaluación en grupo				
Proporcionouse ao alumnado un feedback de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe				
Usáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados en relación aos aspectos a valorar				
Realizo a programación da miña actividade educativa planificando algunhas tarefas				
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas				
Os recursos foron diversos, variados, do contorno próximo e adaptados ás características do alumnado				
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado e equipos				
Usamos diferentes medios de información ás familias				
Fomentamos a participación activa das familias na vida da escola				
Utilizáronse as TIC de xeito eficaz				
Os contidos Edixgal foron axeitados				
Mantívose un clima na aula no que o alumnado se sinteu seguro, con confianza, motivado e usando a disciplina e liberdade en función da vida na aula				
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos e propostas				
Modificouse a planificación ao longo do curso atendendo á flexibilidade en función da vida cotiá do centro e da aula				
Nas saídas didácticas a planificación foi axeitada				

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao comezo do curso farase unha avaliación inicial dirixida a cada alumno/a do curso, co obxecto de determinar os seguintes aspectos:

- O coñecemento previo específico das áreas curriculares, facendo especial fincapé nas instrumentais.
- As características persoais de cada alumno e de cada alumna.
- As aptitudes ou habilidades intelectuais do alumnado.
- A actitude a nivel grupal e individual.

● Instrumentos para a realización da avaliación inicial

Os instrumentos utilizados para a avaliación inicial son os seguintes:

- Observación directa.
- Probas escritas/orais.

Para determinar a **Competencia lingüística**:

- Análise de **textos escritos**: estrutura do texto, marxes, limpeza, orde, grafía, vocabulario, signos de puntuación, argumentación, coherencia, ortografía, segmentación de palabras...
- Proba de **lectura**, valorando aspectos como velocidade, comprensión, entoación ...
- **Expresión e comprensión oral**, a través da observación directa na participación de asambleas, debates...

En canto á **Competencia matemática**:

- Actividades de numeración
- Cálculo
- Seriación
- Ordenación de números
- Resolución de problemas
- Xeometría

● Decisións a tomar en función dos resultados acadados

Unha vez obtidos os resultados da avaliación inicial, se estes non son satisfactorios, tomaranse as decisións oportunas para abordar os déficits atopados.

As medidas a implementar serán:

- Comunicación ao DO para informar dos resultados e analizar a realidade atopada e decidir o plan de actuación.
- Reunión cos pais ou representantes legais para informar da situación e establecer pautas a seguir, tanto na casa coma na escola, para abordar a situación.
- Reforzo educativo na aula por parte da titora.
- Reforzo dentro do grupo cooperativo de traballo (de ser posible).
- Apoio por parte da mestra de PT/AL no caso de considerarse conveniente.

● **Actividades de recuperación e reforzos**

Os reforzos terán lugar na aula por parte da titora, e , de considerarse oportuno, da mestra de PT/AL.

Escolleranse as actividades de reforzo precisas para que o alumno vaia evolucionando positivamente:

- Actividades de iniciación
- Actividades de desenvolvemento
- Actividades de consolidación

Adecuaranse tamén os aspectos metodolóxicos necesarios (ordes sinxelas, fraccionamento da tarefa, apoios visuais, flexibilidade horaria, etc.)

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tras ter realizada a avaliación inicial, informarase ao Departamento de Orientación das posibles dificultades de aprendizaxe atopadas, tratando de intervir nestes casos coa maior premura, dada a importancia da detección e intervención temperá de dificultades de aprendizaxe. De ser o caso, iniciaranse os reforzos ou apoios necesarios dentro da aula e, de considerarse necesario proporase a intervención dos especialistas en PT ou AL.

- No que se refire ao reforzo na aula, este faráse dando aos alumnos distintos tempos segundo o seu ritmo de aprendizaxe, **adaptando** a metodoloxía cando sexa necesario, utilizando recursos variados (autoinstrucións, fragmentación da tarefa, apoios visuais/multimedia, flexibilidade de tempos) reforzando as aprendizaxes coa axuda dos apoios do profesorado, recurrido á titorización por parte doutros alumnos en momentos determinados, etc.

- Apoio en grupos ordinarios por parte do mestre ou mediante un segundo profesor ou profesora dentro da aula.
- Programas de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas. Para asegurar as aprendizaxes básicas de Lingua castelá e literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas que permitan ao alumnado seguir co aproveitamento as ensinanzas de educación primaria.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Estas medidas veñen recollidas no artigo 11 do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia . Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación (neste curso fomentaranse sobre todo debido á nosa inclusión en E-Dixgal), o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.

Levaranse a cabo actividades que favorezan:

- A inclusión educativa das persoas con discapacidade a través de actividades grupais.
- O fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero .
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social .
- O desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor .
- A prevención dos accidentes de tráfico .

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, xunto co conxunto do profesorado do centro, acordarán e organizarán as distintas visitas e actividades culturais para o longo do curso, sempre e cando a situación sanitaria o permita e cumprindo estrictamente os protocolos:

- Visita a paisaxes e lugares do contorno da localidade, bisbarra ou provincia.
- Visitas culturais a paisaxes, conxuntos monumentais e outros lugares característicos da comunidade.
- Visita servizos da comunidade local.
- Participación en actividades ofertadas polo Concello ou outros organismos, relacionados co proxecto anual “Xulio Verne-. Realidade ou ficción?”
- Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:
 - Celebración do magosto.
 - Samaín.
 - Día dos Dereitos do Neno.
 - Día da Constitución.
 - Festa de Nadal.
 - Día da Non Violencia e a Paz.
 - Festa de Entroido.
 - Días da Igualdade e da Muller Traballadora
 - Semana do libro e da prensa.
 - Día de Europa.
 - Día das Letras Galegas.
 - Festa de Fin de Curso.

13.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

CONCRECIÓN DO PLAN LECTOR

As actividades previstas no noso plan lector, están encamiñadas a fomentar o hábito lector, e con elas preténdese animar á lectura á maioría de nenos e nenas posible.

Algunhas desas actividades son:

- A mascota da biblioteca , canle fundamental de comunicación entre os neno/as e a biblioteca, mandará comunicados polas clases para explicar e organizar distintas tarefas.
- Contacontos.
- Empréstito de libros.
- Búsqueda de información.
- Desenvolver o gusto pola lectura.
- Letras Galegas

- Concurso “Mareando Historias”.
- Kamishibai.
- Tamén se elaborará un horario de biblioteca para todo o profesorado, co fin de coordinar e compatibilizar os recursos e as actuacións que se levan a cabo.
- Apertura da biblioteca durante todos os recreos (se as condicións sanitarias o permiten e cumprindo as quendas organizativas e os protocolos vixentes) co fin de ofrecerlle ao alumnado unha alternativa máis ao seu tempo de ocio promovendo así o uso deste espazo e tratando de incentivar o gusto pola lectura.

CONCRECIÓN DAS TIC

Destacamos aquí que neste curso comezamos a nosa andadura no programa **E-Dixgal**, polo tanto daráselle pulo á utilización das TICs na aula co fin de aproveitar os recursos que estas ofrecen para facer unha aprendizaxe máis eficiente e eficaz, e sempre adaptándose á tarefa que se estea a realizar.

As formas máis habituais de utilización das novas tecnoloxías na aula son as que se detallan a continuación:

- Mediante o uso do ordenador melloramos a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, coa utilización das novas tecnoloxías pódese mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos.
- Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as tecnoloxías como ferramenta que facilite ou complemente á realización da tarefa (son un instrumento, non un fin en si).
- Os contidos elementais que se deben desenvolver na aula son:
 - Utilización dos procesadores de texto.
 - Familiarización e utilización dalgún dos programas do entorno da plataforma Abalar que veñen preinstalados nos equipos do alumnado.
 - Manexo da Aula Virtual / Abalar como medio de traballo e comunicación (mensaxería).
 - Servizos de videoconferencia (webex, bluebottom).
 - Envío de correos electrónicos.
 - Acceso a páxinas web e información.
 - Utilización de imaxes, sons, vídeos de uso libre.
 - Impresión de documentos.
 - Inicio a ferramentas de traballo colaborativo en liña (Agueiro).

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Faise necesario impulsar medidas de intervención positivas a través dos contidos do currículo, da análise dos conflitos, e de prácticas metodolóxicas axeitadas para contribuir á convivencia dentro do entorno escolar.

Como orientación, indícanse algunhas posibles actuacións que se poderían desenvolver no noso plan de convivencia:

- Buzón de aula: onde o alumnado poderá expoñer de xeito anónimo, ou non, as súas inquedanzas e preocupacións ou informar dunha situación que está a acontecer no centro.
- Asambleas de clase: o seu labor é eminentemente preventivo e van dependendo dos cursos. Realízanse sistematicamente. Nelas o alumnado e o profesor/a titor/a dialogan sobre temas como as normas de clase, normas de convivencia, actividades programadas, temas relativos á educación de valores tales como a responsabilidade, o esforzo, o compañeirismo, o respecto, a non violencia, a coeducación, o diálogo, etc., así como tamén se aproveita para formular críticas e felicitacións.
- O diálogo cos implicados nas diferentes situacións de conflitos leves que se adoitan presentar case a diario: durante as clases, no recreo, nos cambios de clases, e que se adoitan resolver facendo referencia ás normas e chegando a acordos cos implicados (falar, intentar aclarar as cousas, pedir perdón,...).
- O apoio ou intervención do equipo directivo co alumnado directamente, para reforzar as medidas ou actuacións seguidas polo profesorado.
- A información e intervención das familias en caso necesario a través das titorías.

Entre as **normas de convivencia** a contemplar propóñense aquí as seguintes:

a) Respetto ás entradas, saídas e estanza no centro:

- Asistir a clase con puntualidade e regularidade.
- Asistir a clase ben aseado e con vestimenta apropiada.
- Saudar ao entrar e saír da clase.
- Evitar palabras e xestos que poden ofender a outras persoas.
- Pedir as cousas aos compañeiros, profesorado, persoal non docente, etc. “por favor”, e dar “as grazas”.
- Utilizar en clase un ton de voz suave.
- Respectar a quenda de palabra.

b) Respetto aos compañeiros e compañeiras:

- Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa: profesores,

compañeiros...

- Utilizar unha linguaxe respectuosa e positiva.
- Practicar pedir perdón ou desculpas ao facer algo que non é correcto, e facer un esforzo por perdoar os outros.
- Non excluír nin marxinar ningún compañeiro ou compañeira nos xogos.
- Utilizar o diálogo para resolver os conflitos, evitando as pelexas e enfados cos compañeiros e compañeiras.

c) Respecto aos materiais:

- Coidar e respectar os materiais propios, dos compañeiros e do centro.
- Compartir os materiais e xoguetes cos compañeiros.
- Utilizar correctamente todas as instalacións do centro.
- Recoller e ordenar os materiais e o mobiliario utilizados.
- Respectar o traballo do compañeiro/a nas tarefas colectivas e individuais.

d) Respecto ao traballo:

- Participar nas actividades de clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
- Respectar o ambiente de traballo sobre todo en cambios de clase e desprazamentos.
- Atender en clase e seguir as orientacións dos profesores.
- Realizar o traballo con bo humor, alegría e optimismo.
- Ser responsable do estudo, esforzarse e facer as tarefas de casa.

e) Outras:

- Cumprir as sancións ou tarefas impostas.

O incumprimento das normas de convivencia dará lugar á súa consideración como condutas contrarias ou gravemente prexudiciais para a convivencia.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Como punto de partida teranse en conta os aspectos derivados das propostas de mellora recollidas na memoria final do curso anterior.


A programación didáctica será avaliada en diferentes momentos para comprobar a súa eficacia e facer as melloras ou cambios necesarios. Esta avaliación realizarásse alomenos despois de cada sesión de avaliación dos alumnos/as, tendo en conta os resultados académicos dos mesmos e tamén os aspectos recollidos na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe, tendo presentes as necesidades e a evolución da clase.

Como resultado destas avaliacións poderanse introducir cambios que afecten á programación inicial e que serán descritos na memoria final do curso. Tales modificacións poderán facer referencia a :

- Cambios de agrupamentos
- Estratexias metodolóxicas
- Necesidades de apoio educativo
- Instrumentos de avaliación
- Adaptación dos contidos

Carnota, a 7 de setembro de 2021

A titora:



Asdo: María Novo Cutrín